

MOCIÓN que presenta o Grupo Municipal de AGROMA SOBER ante o Concello-Pleno de Sober en relación á inclusión da gratuidade da atención educativa do ou da segunda filla matriculada no Punto de Atención á Infancia Municipal

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A atención da infancia de 0 a 3 anos é un servizo esencial para a conciliación da vida laboral e familiar e para a igualdade entre homes e mulleres, pois continúan sendo as mulleres as principais cuidadoras de menores de 3 anos, as que máis solicitan redución de xornada por coidado de .fillos/as e as que máis tempo adican a tarefas relacionados co coidado e co fogar

Por outra parte, cada vez máis se demostra que a etapa educativa dos 0 aos 3 anos é esencial para garantir a igualdade de oportunidades no acceso á educación e nos resultados académicos posteriores entre nenos e nenas, e constitúese como un servizo indicado para reducir os índices .de risco de pobreza infantil e as consecuencias desta situación na infancia

É un obxectivo da Axenda 2030 “asegurar que todas las niñas y todos los niños tengan acceso a servicios de atención y desarrollo en la primera infancia y educación preescolar de calidad, a fin de que estén preparados para la enseñanza primaria”. (Informe Unicef sobre garantía do dereito educativo 0-3 anos

https://www.unicef.es/sites/unicef.es/files/comunicacion/Garantia_derecho_educacion_0_3_anos.p
.df

Durante a pandemia hai menor demanda de escolarización 0-3 anos, mais isto non pode facer que as administracións se relaxen; ben ao contrario: debemos reforzar este servizo para evitar o agravamento das consecuencias sociais e económicas da crise da COVID, entre as cales está xa o retroceso na igualdade e corresponsabilidade de homes e mulleres, cun aumento da fenda salarial de xénero e caída do emprego feminino en todo o mundo, xa que as carencias sociais dos estados súplenas, na súa maioría, os coidados prestados por mulleres de xeito gratuíto nos .domicilios

En Galicia, esta etapa depende da Consellería de Política Social e conta con disparidade de .acceso e de servizos no territorio, non garantíndose unha rede pública, gratuíta e universal

Existen escolas infantís dependentes do Consorcio Galego de Servizos Sociais (rede “Galiña Azul”), da Axencia Galega de Servizos Sociais, prazas concertadas pola Xunta con centros

privados e escolas infantís e puntos de atención á infancia de titularidade municipal, alén da oferta de prazas en centros privados. As características dos centros están reguladas no Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á .infancia

Sober conta cun Punto de Atención á Infancia con 20 prazas, con preferencia para persoas .empadroadas en Sober

As taxas do PAI de Sober son unha matrícula anual de 60 € e unha cuota mensual de 110 €, con excepción para a veciñanza de Sober, que non paga matrícula anual e que ten unha taxa mensual de 55 €. Así mesmo, terán desconto as familias numerosas, monoparentais ou casos de coincidencia de irmáns/irmás no centro. As taxas non están vinculadas á renda, pero si hai prazas .para casos de vulnerabilidade social

:Na sur de Lugo existen os seguintes centros de atención á infancia

POBOACIÓN TOTAL (2019)	POBOACIÓN INFANTIL	CENTROS ATENCIÓN INFANCIA PÚBLICOS *((PRAZAS	CONCELLO
2.303	56	P.A.I. MUNICIPAL 20	SOBER
1.582	24	P.A.I. MUNICIPAL 20	BÓVEDA
18.424	589	ESCOLA MUNICIPAL 41 PRAZAS FINANCIADAS VARIABLES EN 2 CENTROS PRIVADOS	MONFORTE
2.562	48	ESCOLA INFANTIL CONSORCIO 20	PANTÓN
1.683	26	0	A POBRA DO BROLLÓN
3.727	61	ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 41	O SAVIÑAO
30.282	803	142	TERRA DE LEMOS
2.245	49	P.A.I. MUNICIPAL 20	CARBALLEDO
7.999	251	ESCOLA INFANTIL CONSORCIO 56	CHANTADA
2.781	35	ESCOLA INFANTIL CONSORCIO 20	TABOADA
13.024	335	96	CHANTADA
1.053	22	CASA NIÑO 5	FOLGOSO DO COUREL
3.292	89	ESCOLA INFANTIL CONSORCIO 20	QUIROGA
1.068	19	0	RIBAS DE SIL

5.413	129	25	QUIROGA-COUREL
48.719	(0-4) 1.267	5 + 258	SUR DE LUGO

.Datos do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais *

En todo o sur de Lugo só hai 258 prazas públicas en escolas infantís da Xunta, máis 5 en Casa Niño, e ningunha na cidade de Monforte. Pola falta de datos desagregados, non é posible saber cantos bonos concilia se concederon pola Xunta en cada Concello para sufragar matrícula de nenos e nenas en centros privados, pero no curso 2018-2019 concedéronse 4.414 bonos en toda .Galicia; no 2017-2018, foron 36 para o Concello de Monforte

Na Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, “lei de acompañamento” dos Orzamentos de 2020, modificouse a Lei de Servizos Sociais para establecer a gratuidade de atención educativa para a segunda filla ou fillo e sucesivos nas escolas infantís dependentes da .Xunta e nas prazas concertadas en centros privados, en vigor dende o 1 de abril de 2019

Para o acceso a esta medida por parte das escolas infantís das entidades locais, regúlase do :seguinte xeito

nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que teñan implantado para a “ atención educativa un sis-tema de copagamento en contía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que as indicadas entidades optaren voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonifi-cación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustificaren, serán compensadas pola consellaría competente na materia de servizos sociais nesa contía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciamento de servizos sociais.Caso de as entidades locais teren implantado para a atención educativa un sistema de copagamento en contía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha contía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se encontren en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a contía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consig-narse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas.Para os efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a contía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por debaixo do límite do custo do servizo.A medida

establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición. Para que sexa aplicable a compensación prevista neste número, as entidades locais deberán acreditar estaren ao corrente no pagamento das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciamento regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

Así, a maioría de Concellos non poden incluír, se é o caso, esta medida ata a elaboración dos Orzamentos de 2021, mentres que a medida nas escolas da Xunta e nas prazas concertadas en centros privados está en vigor dende abril. Ademais, a medida queda a criterio dos Concellos

Deste xeito, a FEGAMP alertou á Xunta de que se producen situacións de disparidade, con “desigualdade entre concellos con garderías autonómicas e outros con municipais”. Mesmo se pode dar o caso de situacións díspares, de “desigualdade de dereitos”, nun mesmo concello, no caso dos que teñan prazas sostidas pola Xunta e prazas en centros municipais, como é o caso do Concello de Monforte. Sinala ademais a FEGAMP que hai casos de escolas infantís municipais que prestan máis servizos que as da Xunta e non poden equiparar os prezos

Asemade, a competencia de atención á infancia é da Xunta, descargando nos concellos a prestación dun servizo que debería ser prestado pola Administración autonómica

O prezo das escolas infantís da xunta regúlase na Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería

Os prezos de 2020-2021 son os da seguinte táboa:

https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/precio_escuelas_infantiles_2020-2021_0.pdf

Por outra parte, o fondo do asunto é que estamos ante unha ideoloxía natalista que pretende “fomentar” a natalidade como se fora un ben “per se”, sen modificar as condicións precarias de traballo que provocan a emigración de persoas galegas en idade fértil, e que é a causa principal de que as mulleres non poidan ter a descendencia que desexan ter

Pese ás proclamas, a Xunta non ambiciona acadar a universalidade de acceso á atención da infancia entre 0 e 3 anos, pois prioriza “premiar” a quen ten un segundo fillo, sen importar as condicións socioeconómicas, de xeito que unha familia monoparental con ingresos medios paga

por usar a escola municipal mentes unha familia de alto nivel de renda ten gratis a praza da súa .segunda filla na escola autonómica

A rede de ensino infantil é un recurso fundamental desde este punto de vista da conciliación, pero non suficiente: cómpren permisos de maternidade e paternidade iguais e intransferibles, superiores aos actuais, de un ano, estando, ademais, demostrada a importancia para o desenvolvemento emocional do contacto afectivo coas persoas proxenitoras ou titoras dos e das .bebés durante o primeiro ano de vida

Polo exposto, o Grupo Municipal de AGROMA SOBER propón ao Pleno a adopción do seguinte **:ACORDO**

:O Pleno do Concello de Sober acorda

Instar ao Goberno Local a dispor as medidas necesarias para garantir a gratuidade da .1 atención educativa do segundo ou segunda filla no PAI municipal de Sober, conforme ao disposto na Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, previa aclaración de se os PAI (equivalentes escolas infantís en concellos pequenos, coma Sober) .son considerados, a efectos desta lei, escolas infantís

Trasladar á Xunta a necesidade de acadar a universalización da atención educativa de 0 a .2 3 anos, como servizo público para a conciliación e para a educación da infancia, .dependente integramente da Administración Autonómica

Trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de acadar o aumento dos permisos .3 .retribuídos por maternidade e paternidade ata un ano de duración

Impulsar unha Mesa de Traballo entre os Concellos da zona sur de Lugo para facer unha .4 proposta de homologación das condicións das escolas infantís en todo o sur de Lugo solicitar á Xunta máis prazas de escolas infantís ata cubrir a demanda existente e as .previsións a futuro

de outubro de 2020 28

Paula Vázquez Verao

Samanta Fernández Cortés

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER